

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 9 DE NOVEMBRO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día nove de novembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA PAZ ABRAIRA SOBRADO, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria en funcións da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 9 de novembro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para construción de nave sen uso, en solo urbano, sita na estrada da Coruña, números 154-156; para rehabilitación de edificio sito na rúa Nova, número 122; para restauración da cuberta no edificio de vivendas con licenza número 925/72, sito na rúa Deputación, número 19 e para construción de escaleira e vinculación de entresollado á planta baixa no edificio con licenzas 77/90 e 217/91 na avda. das fontañas, número 302.

Acórdase a modificación do presuposto da licenza de obra concedida na xunta de goberno local do 31 de agosto de 2011 de demolición de edificación existente e construción de dúas vivendas unifamiliares apegadas, na rúa do Portiño, número 18.

2. DISCIPLINA.- Acórdase o encargo da intervención de Evislusa na tramitación das subvencións para a emisión do informe ITE para o ano 2011.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas

ACTAS E GOBERNO

JACA/cvr

Ref#: 11extractoxg53.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 9-11-2011

particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación dun servizo de comida no fogar do Concello de Lugo 2011 e da apertura do procedemento de contratación.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a inadmisión do Recurso Especial en materia de contratación interposto contra o acordo de aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a contratación do servizo de asesoramento e mediación de seguros para o Concello de Lugo.

- Acórdase desestimar o Recurso Especial en materia de contratación interposto contra o acordo de aprobación dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas para a contratación do servizo de asesoramento e mediación de seguros para o Concello de Lugo.

Lugo, 9 de novembro de 2011
A CONCELLEIRA-SECRETARIA EN FUNCIONES,

Asdo.: María del Carmen Basadre Vázquez